

## BIO DE MAR CALDAS

Mar Caldas viviu e formouse artísticamente en Valencia, La Habana, São Paulo e Nova Iorque. Doctorouse en Belas Artes pola Universidade de Vigo con premio extraordinario (2006).

Recibiu, entre outras, as bolsas de creación artística *Novos Valores* (Deputación de Pontevedra, 1992), *VI Fotobienal* (Concello de Vigo, 1993), *Pilar Juncosa i Sotherby* (Fundació Miró de Mallorca, 1996), *Unión Fenosa* (MACUF, A Coruña, 1999), *Fundación Arte y Derecho* (Madrid, 2000).

Na última década realizou exposicións individuais como *Pegadas do desassossego* (Casa Fernando Pessoa, Lisboa, 2011), *Imaxes, xestos, voces* (Sala Alterarte, Ourense, 2016), *Facedoras de Bueu* (Museo Massó, Bueu, 2018), *Les Faiseuses* (Colegio de España en París, 2019) e participou en mostras colectivas como *Region 0. The Latino Videoart Festival of New York* (King Juan Carlos I of Spain Center, New York, 2011); *Genealogías Feministas en el Arte Español, 1960-2010* (MUSAC, León, 2012); *Alén dos xéneros. Prácticas artísticas feministas en Galicia* (MARCO / Auditorio de Galicia, 2017) ou *Women in Work. Mujer, arte y trabajo en la globalización* (Sala de la UPV, Valencia / Galería Octubre, UJI, Castellón).

Combina a práctica artística cun labor teórico que deu lugar a ensaios, conferencias e comisariados.

## PROPOSTA

Na presentación Mar Caldas reflexionará sobre algunas claves da súa práctica artística. Centrándose nos seus últimos traballos, explorará conexións entre estes e obras anteriores ao fío dunha serie de características e conceptos como a conversión do obxecto da representación en suxeito, a representación do outro, a fotografía escenificada, a micro-historia, a teatralidade, a referencialidade, a visibilidade / invisibilidade das mulleres ou o traballo feminino.